



EXPEDIENTE: 2023/C003/000012

ASUNTO: Expediente de contratación da obra “Mantenimiento de pistas en Trasbarcala y Vilachán de Abaixo”.- POS + 2023

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO

Redáctase a presente memoria ao obxecto de dar cumprimento ao disposto no artigo 116 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

TIPO DE CONTRATO	Contrato administrativo de obras
TRAMITACIÓN	Ordinaria
PROCEDEMENTO	Aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adjudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática

1.- Fundamentos xurídicos: Esta obra licítase ao amparo do artigo 5 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que establece que:

“Para o cumprimento dos seus fins e no ámbito das súas respectivas competencias, as Entidades locais, de acordo coa Constitución e as leis, terán plena capacidade xurídica para adquirir, poseer, reivindicar, permutar, gravar ou enaxenar toda clase de bens, celebrar contratos, establecer e explotar obras ou servizos públicos, obrigarse, interpor os recursos establecidos e exercitar as accións previstas nas leis.”

Trátase dun contrato de obras, de conformidade co establecido no artigo 13 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

2.- Obxecto do contrato: O obxecto do presente contrato de obras é a realización das que se recollen no proxecto denominado **“MANTENIMIENTO DE PISTAS EN TRASBARCALA Y VILACHÁN DE ABAIXO”**, redactado polo arquitecto don Alfredo Varela Nogueira e polo arquitecto técnico, don Bruno Ferreiro López.

O que se trata é de levar a cabo dúas actuacións diferenciadas, unha no acceso ao núcleo superior de Trasbarcala na parroquia de San Martiño e a outra no núcleo de Vilachán de Abaixo, cercano ao núcleo urbano de Negreira.

O obxectivo é levar a cabo obras de mellora dos viais e canalizacións de abastecemento de auga qu dan acceso a varios núcleos de poboación así como adecuar as marxes, limpeza e mellora das cunetas.

As obras a executar serían, fundamentalmente, as seguintes:

a).- No núcleo de Trasbarcala:

- Limpeza de marxes e cunetas existentes mediante motoniveladora para posterior execución de tratamentos asfálticos,
- Triple tramamento asfáltico mediante triple rego asfáltico.

b).- No núcleo de Vilachán de Abaixo:

- Limpeza de marxes e cunetas existentes mediante motoniveladora para posterior execución de tratamentos asfálticos.
- Substitución de tubería de abastecemento de auga existente de PVC por outra de similares características.
- Execución de muro escollera de contención de terras.
- Triple tratamento asfáltico mediante triple rego asfáltico

3.- Xustificación da necesidade do contrato: Tendo en conta o establecido no punto anterior da presente Memoria, a acometida das obras obxecto do proxecto está xustificada na necesidade de mellorar unha serie de problemáticas que, na actualidade presentan os lugares donde se pretenden executar as actuacións que se recollen no punto anterior do presente documento.

4.- Valor estimado: O presente contrato, según a definición prevista no artigo 101 da LCSP, ten un valor estimado de 72.232,29 euros.

5.- Presuposto do contrato e aplicación orzamentaria:

O presuposto base de licitación, entendido como límite máximo de gasto, incluído o Impuesto sobre o Valor Engadido (artigo 100 LCSP) é o que a continuación se reflicte:

IMPORTE (IVE INCLUIDO)	DENOMINACIÓN
87.401,07 €	“MANTENIMIENTO DE PISTAS EN TRASBARCALA Y VILACHÁN DE ABAIXO” POS + 2023

6.- Financiación: Esta actuación está financiada a través do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) 2023 da Deputación Provincial da Coruña.- POS + 2023.

7.- División en lotes:

En base ao disposto no artigo 99.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), son motivos, a efectos de xustificar a non división en lotes do obxecto do contrato, os seguintes:



A Xunta de Goberno Local, que é o Órgano de Contratación (como así se especifica no punto 11 da presente Memoria), en sesión extraordinaria e urxente celebrada con data de 8 de febreiro de 2023 adoptou acordo, de non dividir en lotes a inversión á cal nos vimos referindo, fundamentado nos motivos seguintes:

“...2.- Esta decisión de non dividir en lotes o obxecto do proxecto indicado está xustificada pola concorrencia dos seguintes motivos válidos de acordo co disposto no artigo 99.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE núm. 272, do 9 de novembro de 2017), e quedará debidamente xustificada no expediente de contratación:

As obras a executar son todas da mesma natureza técnica e a súa división en lotes complicaría os trámites de licitación das mesmas.”

8.- Prazo de execución: O prazo de execución será de **SESENTA (60) DÍAS**, de acordo co estipulado no proxecto técnico.

9.- Insuficiencia de medios personais e materiais: Este concello carece dos medios humanos e materiais necesarios para a execución dunha obra destas características por personal propio, polo que é precisa a súa licitación.

10.- Xustificación do procedemento, tramitación e forma de adxudicación do expediente: Dadas as características da contratación e co obxecto de garantir que a contratación se axuste aos principios de liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos e a non discriminación e igualdade de trato entre os diferentes candidatos, e de asegurar o obxectivo de estabilidade presupostaria e control do gasto, considérase máis idóneo que o procedemento de licitación sexa o aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de aplicación automática, sen división en lotes polos motivos anteriormente expostos.

11.- Órgano de contratación: A Xunta de Goberno Local, por delegación de competencias da Alcaldía (decreto 206/2023, de data 3 de xullo de 2023) en materia de contratación que sexan competencia da Alcaldía do concello.

12.- Criterios de adxudicación: Os criterios de adxudicación establecidos nos pregos son os que se estiman máis adecuados para a boa execución da obra.

13.- Prazo de garantía da obra: Quedará fixado de acordo coa proposta do contratista que resulte adxudicatario, tendo en conta que o prazo mínimo de garantía é de un ano, según o artigo 243.3 da LCSP.

Negreira, na data que figura na sinatura electrónica
O alcalde
Manuel Angel Leis Míguez



Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira
A Coruña
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328
www.concellodenegreira.gal